

---

# Orzamentos xerais do Estado 2013



**Confederación Intersindical Galega**

[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)

---

# PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2013

Inmersos nunha profunda crise dende fai catro anos e sen sinais de recuperación, o goberno do estado presenta un proxecto de orzamentos, novamente restritivo, que coidamos vai afondar aínda máis na xa precaria situación da nosa economía.

A política orzamentaria, no contexto político actual, é practicamente a única ferramenta coa que conta o goberno para mudar ou paliar os efectos devastadores que a crise está xerando, especialmente na poboación máis desfavorecida; ante isto, atopámonos cunhas contas públicas que coidamos van contribuír a que se afonde aínda máis nesta situación; xa que a restrición do gasto afecta a practicamente tódolos capítulos salvo os gastos derivados da débeda pública.

Redúcese a inversión pública, conxelase o salario dos funcionarios, redúcese o gasto social, renúnciase practicamente ás políticas de fomento do emprego..., co que están contribuíndo a agravar a depresión económica e condenando a unha parte importante da sociedade a vivir practicamente na indixencia.

Ademais, tódalas medidas, ou axustes, que se están levando a cabo teñen uns importantes efectos distributivos sobre a sociedade, non debemos esquecer que os orzamentos xerais son o principal indicador de política económica existente. Non é o mesmo recadar máis incrementando a imposición directa que a indirecta, ou se as medidas afectan os cidadáns de rendas altas que das baixas. Asemade, polo vía dos gastos, os efectos sobre a distribución da renda de destinar máis ou menos fondos a gasto social son moi relevantes; pois ben, os orzamentos para 2013 van afondar aínda máis nas xa fortes desigualdades existentes nesta sociedade.

Temos denunciado moitas veces que no ciclo alcista que acaba de rematar na economía española, se incrementaron fortemente as desigualdades entre as rendas do traballo e as do capital, feito que se está agudizando na fase recesiva e, o que está contribuíndo dunha forma alarmante a política económica deste goberno e que se reflicte claramente neste proxecto de orzamento; a saber:

Se analizamos os ingresos por capítulos, entre os capítulos non financeiros, ós únicos que incrementan os fondos son o I e o II, impostos directos e indirectos, pero o medre é moi superior no capítulo dos indirectos.

Os cambios introducidos no IVE, desde setembro do 2012, coa modificación dos tipos de gravame a aplicar (medrou en catro puntos o xeral e o reducido), e unha reorganización das actividades suxeitas ós mesmos, explican segundo o goberno, este incremento da recadación. Preven recadar a través do IVE un 13,2% máis que o liquidado realmente en 2012.

O incremento a través do IRPF é dun 2,2%, medre que se explica pola tributación dos premios de lotería ata agora exentos, a suba no tipo de retencións nos rendementos por actividades profesionais, e o fin na compensación na adquisición de vivenda.

O maior incremento é vía recadación de imposición indirecta, cada vez na presión fiscal ten máis peso a recadación indirecta que a directa, o que resta progresividade ó sistema impositivo, xa que os impostos indirectos non discriminan en función das rendas, é dicir, pagase o mesmo independentemente do nivel de ingresos, o que contribúe a incrementar as desigualdades sociais .

Esta inxustiza na recadación, non se corrixe co reparto dos fondos, tan so analizando a distribución por capítulos, xa nos permite facer dita aseveración.

Gastos consolidados. (millóns de euros).

Capítulo	2012		2013		Variación %
	Importe	% total	Importe	% total	
I. Gastos de persoal	33.150,73	9,2	33.389,84	8,7	0,4
II. Gastos en bens correntes e de servizos	7.619,82	2,1	7.180,64	1,9	-5,8
III. Gastos financeiros	28.913,88	8,0	38.660,23	10,1	33,7
IV. Transferencias correntes	214.054,86	59,1	213.271,27	55,8	-0,4
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>283.739,29</b>	<b>78,4</b>	<b>292.401,98</b>	<b>76,5</b>	<b>3,1</b>
V. Fondo de continxencia	2.367,26	0,7	2.565,84	0,7	8,4
VI. Investimentos reais	6.182,28	1,7	5252,19	1,4	-15,0
VII. Transferencias de capital	6.618,55	1,8	5.312,52	1,4	-19,7
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>12.800,84</b>	<b>3,5</b>	<b>10564,72</b>	<b>2,8</b>	<b>-17,5</b>
<b>T. GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>298.907,39</b>	<b>82,6</b>	<b>305.532,53</b>	<b>80,0</b>	<b>2,2</b>
VIII. Activos financeiros	12.869,25	3,6	13.928,07	3,6	8,2
IX. Pasivos financeiros	50289,17	13,9	62.588,22	16,4	24,5
<b>TOTAL GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>63.158,42</b>	<b>17,4</b>	<b>76.516,29</b>	<b>20,0</b>	<b>21,1</b>
<b>Total orzamento</b>	<b>362.065,81</b>	<b>100,0</b>	<b>382.048,83</b>	<b>100,0</b>	<b>5,5</b>

Fonte: Proxecto de orzamentos xerais do estados para 2013.

Nos únicos capítulos que realmente aumentan os gastos son os derivados do endebedamento, sexa pagar intereses, sexa amortizar débeda.

No caso do pago de intereses a cantidade ascende ós 38.660,23 millóns de euros, un 33,7% máis do destinado no ano anterior; prevese destinar a pagar intereses un 10,1% do total do orzamento, gástase máis en pago de intereses que nos gastos de persoal de toda a administración central que supoñen o 8,7% do total do orzamento.

Se a isto lle engadimos a amortización de débeda, que durante 2013 prevese que acade os 62.500 millóns de euros, un 16,4% de todo o orzamento; en conxunto estas dúas partidas absorben máis do 25% do orzamento.

Evidentemente o recadado é insuficiente para facer fronte a estes gastos polo que se preve un endebedamento bruto de 110.340,99 millóns de euros, que se lle restamos as amortizacións, quedanos un endebedamento neto de 48.020,76 millóns, practicamente para pagar os intereses.

É dicir, detraese cada vez unha parte máis importante de fondos da poboación traballadora, vía imposición indirecta, sobre todo; e destínanse cada vez menos fondos a poboación máis necesitada (o gastos social diminúe), e máis fondos a un reducido grupo de especuladores, tenedores da débeda pública, a gran banca fundamentalmente, que por outro lado foron, practicamente, os únicos responsables da crise que estamos padecendo.

Pero, a marxe de agudizar as diferenzas ou desigualdades sociais que van xerar os cambios normativos en materia tributaria, así como o reparto dos fondos obtidos, é difícil dar credibilidade ó monto total dos ingresos, xa que o escenario macroeconómico que sustenta este orzamento non é crible.

Prevén que o Produto Interior bruto (PIB) se reduza en tan so un -0,5% durante o ano 2013, logo de caer un 1,5% durante 2012; esta previsión está sustentada no comportamento da demanda externa, xa que estiman que a contribución da mesma o crecemento do PIB medre un 2,3%, mentres a contribución da demanda interna cae un 2,9%. É difícil de crer, que nun contexto económico recesivo, a OCDE estima que a economía da zona euro vai descender entre un 0,4 e un 1,4%, e sendo este o noso principal mercado, a demanda externa vai soste a economía española.

Tampouco é crible a evolución dos parámetros internos, se ben estiman unha importante caída do consumo final (o privado un 1,4% e o público un -8,2%), prevén que o emprego descenda tan so un 0,2% e se reduza o número de parados. Os datos do emprego tan so son cribles se hai un importante número de persoas que opten pola emigración.

Aínda dando por certas as estimacións das variables macroeconómicas anteriores, o que non se explica é como con esta forte caída do consumo, os ingresos a través do IVE poidan medrar máis dun 13%; é certo que a suba do tipo de gravame é moi importante, pero tamén cabe pensar que un incremento de tal magnitude limita o consumo, xa que son produtos de uso comúns os que se ven afectados, non so os de luxo.

O mesmo ocorre coa recadación a través do IRPF, a pesar das modificacións, os altos niveis de paro, conxelación ou redución de salarios no sector privado, perda de ingresos dos parados, perda de poder adquisitivo dos pensionistas e funcionarios... como se vai recadar máis a través das rendas do traballo?.

Parecen unhas contas cadradas para situar o déficit público dentro dos parámetros esixidos por Bruxelas, pero lonxe da realidade, e do que necesita este país.

Polo lado dos gastos, as distintas partidas do gasto social, son unhas das máis prexudicadas.

Gastos social.

	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>VARIACIÓN</b>
Pensións	115.825,93	121.556,51	4,9
Outras prestacións económicas	12.014,49	11.880,26	-1,1
Servizos e promoción social.	2.119,04	2.848,49	34,4
Fomento do emprego	5.764,74	3.771,51	-34,6
Desemprego	28.805,05	26.993,70	-6,3
Acceso a vivenda	820,11	765,88	-10,4
Xestión e administración da seguridade social	2.901,12	4436,30	52,9
<b>(1) PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL</b>	<b>168.250,49</b>	<b>172.252,65</b>	<b>2,3</b>
Sanidade	3.974,62	3.852,27	-3,1
Educación	2.220,19	1.944,73	-12,4
Cultura	937,40	721,70	-23,0
<b>(29 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE.</b>	<b>7.132,22</b>	<b>6.518,70</b>	<b>-8,6</b>
<b>GASTO SOCIAL (1)+(2)</b>	<b>175.382,70</b>	<b>178.771,35</b>	<b>1,9</b>

Comezando polo capítulo das pensións, o incremento recolle tanto os novos pensionistas, o efecto substitución ( desaparecen do sistema pensionistas con pensións máis baixas dos que entran) e o incremento dun 1% para tódalas pensións.

Dentro doutras prestacións económicas ( en conxunto descende un 1,1%) destaca o descenso do 31,9% das prestacións de garantía salarial. Este tipo de prestacións víronse reducidas desde mediados deste ano tanto no caso de incumprimento de salarios con das indemnizacións; no caso dos salarios, non so se reduciron os días de 150 a 120, senón que a cuantía pasou do triplo o duplo do SMI; o igual que as indemnizacións. O impacto económico desta modificación é dunha redución desta partida de preto do 32%; 406,70 millóns de euros menos que van deixar de percibir traballadores que queden sen o seu posto de traballo.

En servizos e promoción social están incluídos 1.040,00 millóns de euros que son obrigacións de exercicios anteriores, si se corrixe este efecto pasamos a un descenso do 14,4% de gasto nesta partida. Este grupo xa sufrira un descenso do 15,7% no ano anterior, estamos falando dunha redución superior ó 30% en dous anos. Dentro do mesmo inclúense medidas tendentes a corrixir

as desigualdades derivadas de carencias, xa sexan físicas, psíquicas ou sociais, servizos sociais da terceira idade e minusválidos, inmigración, drogadicción e infancia e familia, así como igualdade de oportunidade, violencia de xénero... A súa importancia é evidente e a redución que se lle aplica tamén.

O único programa que aumenta dentro deste grupo é o de atención a dependencia, pero probablemente sexa dentro deste programa no que están incluídas as obrigacións de exercicios anteriores contabilizadas neste próximos orzamentos; polo que finalmente non sabemos a evolución desta partida.

Novamente o programa de fomento de emprego sofre un retroceso, neste caso do 34,6%, que unido ó 21% que xa baixara no ano anterior, estamos falando dun 55% menos en dous anos. É dicir, no momento de maior perda da ocupación desde que existe a democracia, o fomento do emprego é unha das partidas máis castigadas do orzamento. A supresión das bonificacións das cotas á seguridade social xustifica esta medida; aínda que sexa certo que estas non eran eficientes, o que non se debe é abandonar o fomento do emprego nun momento como o presente, todo o contrario, cumpriría destinar máis fondos ó mesmo, creando políticas novas e mesmo sendo o sector público o cree postos de traballo.

Dentro deste programa tamén están incluídos os cretos para Formación Profesional para o Emprego, o cal se prevé destinar neste próximo ano 1.801,96 millóns de euros, un 0,4% menos que no ano anterior.

A partida de desemprego sofre, de novo, un importante descenso, a previsión para o próximo ano é dunha caída do 6,3%, destinando a este programa 26.993,70 millóns de euros. Esta redución xustifícanse tanto na redución do número de parados, como na redución do gasto:

- Axustes no computo das rendas de patrimonio para ter acceso ó subsidio.
- Redución da cuantía da prestación a partir do sétimo mes do 60 ó 50% da base reguladora.
- Eliminación da contribución á SS por parte da entidade xestora da parte correspondente ó traballador en situación de desemprego.
- Elevación ós 55 anos de idade para o subsidio, antes coñecido como de 52 anos
- ...

Xunto a isto, prevén unha leve redución do numero de parados , de 5.671.000 que de media se estiman en 2012 a 5.598.600 en 2013. estimación difícil de crer vendo a realidade na que nos atopamos e incluso dando por válido o escenario macroeconómico que sustenta este previsión orzamentaria, no que se estima unha caída do emprego total do 0,2%. Tal vez a emigración axuste estas variables.

Medre ou non medre o número de parados, o que é evidente e a redución no nivel de ingresos dos que se atopan nesta situación.

Temos que ter en conta asemade o elevado número de parados que por levar moito tempo sen traballar quedan fora de calquera tipo de axuda do servizo público de emprego; en Galicia, nestes momentos máis do 40% dos parados rexistrados.

O programa de accesos á vivenda descende un 10,4%.

A partida destina a xestión e administración da seguridade social, increméntase nun 52,9%; a explicación a este incremento é a adquisición de activos financeiros por parte das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais.

Dentro desta partida están incluídos os gastos inherentes á inspección de traballo, xestión recaudatoria, compra de activos, xestión do fondo de reserva, o cal a 17 de setembro ascende a 69.184 millóns de euros.

Tamén os programas de educación, sanidade e cultura, sofren unha forte perda de fondos, pero estes programas compre analizalos xunto cos da comunidade autónoma, xa que a meirande parte das competencias nesta materia están transferidas.

Os en I+D civil mantense con respecto ó presupostado en 2012 para este programa.

Fora do gasto corrente, as inversións de capital (capítulo VI e VII); sofren de novo unha importante redución, do 15 e 19,7% respectivamente, que se lles sumamos ás xa reducións padecidas neste ano 2012 (do 15 e 41%), danos unha idea do castigada que foi a inversión pública nesta etapa recesiva.

Nin hai gastos social nin inversión pública, tan necesaria para revitalizar unha economía cando a iniciativa privada está en fase recesiva.

Temos un espectacular crecemento da débeda pública, motivada polo proceso de axudas ó sector financeiro, e descenso da inversión pública e do gasto social, todo elo aderezado dun forte incremento da presión fiscal. Nunca o traspase de fondos o uns poucos, os máis ricos foi tan grande e a cambio de nada.

Compre agora analizar tanto a distribución territorial da inversión real, como os fondos que recibe cada comunidade a través do Fondo de compensación Interterritorial.

Distribución territorial da inversión real en 2013. millóns de euros.

	2012	2013	Variación
Andalucía	1.851,91	1.632,84	-11,8
Aragón	467,55	328,96	-29,6
Asturias	506,95	426,07	-16,0
Baleares	143,25	78,72	-45,0
Canarias	286,68	269,54	-6,0

Cantabria	121,9	159,55	30,9
Castela e León	1.584,89	1.587,11	0,1
Castela a Mancha	855,4	612,33	-28,4
Catalunya	1.403,21	1.262,30	-10,0
Estremadura	368,79	327,6	-11,2
<b>Galiza</b>	<b>1.706,15</b>	<b>1.309,08</b>	<b>-23,3</b>
Madrid	1.265,59	1.078,65	-14,8
Murcia	375,67	408,56	8,8
Navarra	79,98	25,34	-68,3
A Rioxa	75,03	64,51	-14,0
Valencia	1.008,56	654,45	-35,1
Euscadi	521,75	350,36	-32,8
Melilla	28,44	22,77	-19,9
Ceuta	46,03	44,13	-4,1
T. rexionalizábel	12.697,73	10.642,87	-16,2

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado español 2013.

A pesar do retraso histórico, sobre todo en materia de infraestruturas, que padece Galicia, sofre un descenso dos gastos en inversións reais do 23,3%, moi por encima do descenso medio global desta partida.

Tampouco a través do Fondo de compensación interterritorial se compensa esta desigualdade.

Fondo de compensación interterritorial (en millóns de euros)

	2012		2013		2013/ 2012 %
	Importe	% total	Importe	% total	
<b>Galiza</b>	<b>76,99</b>	<b>11,6</b>	<b>61,16</b>	<b>10,7</b>	<b>-20,6</b>
Andalucía	236,87	35,8	204,59	35,8	-13,6
Asturias	20,30	3,1	16,22	2,8	-20,1
Cantabria	5,26	0,8	4,42	0,8	-16,0
Murcia	33,19	5,0	28,71	5,0	-13,5
Valencia	82,58	12,5	72,83	12,7	-11,8
Castela a Mancha	54,67	8,3	46,20	8,1	-15,5
Canarias	78,61	11,9	69,22	12,1	-11,9
Estremadura	41,03	6,2	34,43	6,0	-16,1
Castela e León	37,79	4,8	25,04	4,4	-21,3

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado español 2013.

Galicia é despois de Castela e León a comunidade que sofre un maior recorte, neste caso do 20,6%, tamén neste caso o descenso é superior á caída media desta partida que se prevé do 15%. A este 20% de caída temos que engadirlle o 22,7% do ano anterior e o 41% do anos 2011; con esta minoración de fondos, a función deste programa queda desaparecida.

A modo de resumo, dicir que son uns orzamentos “terribles” para a clase traballadora e a poboación máis desfavorecida, xa que por un lado detraen



fondos destas capas sociais para destinalos os de maiores recursos, sobre todo a gran banca, e por outro lado non hai ningunha medida que poida contribuír a saír da crise.

Se non se aposta pola creación de emprego, cun preto dun 25% de parados, dificilmente vamos saír desta situación. Menos emprego implica menos ingresos, menos ingresos implican menor gasto..., co que cae a recadación sexa directa ou indirecta. Si se recauda menos o estado ten menos fondos para destinar a gasto social....éntrase nunha espiral en descenso, a cal no se lle ve o final.

Dende que estes orzamentos foron presentados, o Fondo Monetario Internacional, estimou a baixa a prevision de evolución do PIB, segundo este organismo, a caída vai ser do 1,5% non do 0,5%, se isto se cumpre, todo o proxecto de orzamento requiriría unha nova revisión.

Vigo, 9 de outubro de 2012  
Natividad López Gromaz  
Gabinete Técnico Confederal.